

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de xullo de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte de xullo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular acctal, do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1008).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 2 de xullo, da extraordinaria e das súas sesións extraordinarias e urxentes do 7 de xullo de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1009).- CONTRATACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO MUSICAL FUXAN OS VENTOS PARA AS FESTAS DE VERÁN DE 2009. EXPTE. 3228/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 13.07.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de FUXAN OS VENTOS, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2009, o día 12 de agosto ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 31.552,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a MEDIA ARTICKET.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 1.700 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

3(1010).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Auto do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 14/2009. Demandante : D. DIEGO CABALEIRO REÑONES. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación patrimonial (expte. 1851/243) Desestimento da actora.
- b) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 96/2009. Demandante: D. CESAR DORADO CALVIÑO. Obxecto: Sanción de tráfico (Expte. 088678259) Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 448/08. Demandante: D^a. CARMEN CRESPO VÁZQUEZ. Obxecto: resolución do 18.09.09 desestimatoria de reclamación sobre Inventario, cño. Do Rial, Comesaña (expte. 18198/240). Desestimado o recurso.

- d) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 213/08 P.O. Demandante: D. EDUARDO GARCIA BARRIO. Obxecto: Resolución do 26.03.08 desestimatoria de reclamación patrimonial (expte. 1236/243). Desestimado o recurso.
- e) Auto do TSXG no RC-A P.O. 941/2004, rec. súplica interposto por ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS PAZOS contra Auto anterior do TSXG que declara rematado dito recurso contencioso-administrativo. Obxecto: Depósito ungüentario palestiniانو. Desestimado recurso súplica.
- f) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 105/2009 P.A. Demandante: D. David Díaz Vázquez. Obxecto: Desestimación de reclamación relativa á selección de contrato laboral temporal de asesor/a medioambiental (expte. 5427/77) Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 113/09 P.A. Demandante: GRUPO EUROGRAMCO S.L. Obxecto: Resolución Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo sobre liquidacións IAE (Expte. 37378/516). Desestimado o recurso.
- h) Sentenza do TSXG no RC-A nº 2/5251/03 P.O. Demandante: D. RAFAEL ARENAS CASAS. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.
- i) Sentenza do TSXG no RC-A nº P.O. Demandante: D. SAUL VIDAL HERNÁNDEZ. Obxecto: Sanción de tráfico (expte. 088633792) Desestimado o recurso.
- k) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 149/2009 P.A. Demandante: D^a. CONCEPCIÓN SUÁREZ FERNÁNDEZ. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (expte. 1981/243) Desestimado o recurso.
- l) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 158/2009. Demandante: D. MANUEL ROJO FERNÁNDEZ. Obxecto: sanción tráfico (expte. 088736959) Desestimado o recurso.
- m) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 130/2009. Demandante: D. PABLO MIRANDA VALENCIA. Obxecto: Sanción de tráfico (expte. 088720829). Desestimado o recurso.
- n) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 199/2009. Demandante: D. JOSÉ M. BASTOS PUENTES. Obxecto: Desestimación presunta de reclamacións en relación coa promoción interna a cabos na Policía Municipal. Desestimado o recurso.

- o) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 154/2009. Demandante: HERMANOS LOURIDO S.L. Obxecto: resolución do 17.02.09 sobre devolución de ingresos indebidos (lixo industrial) Expte. 37058/516. Inadmisibile o recurso.
- p) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 75/2009. Demandante: D. SERGIO L.ARAÚJO RODRÍGUEZ. Obxecto: inexecución de resolución da X.Goberno local do 28.11.05 estimatoria de reclamación patrimonial (expte. 14890/240). Estimado o recurso.
- q) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 10/09 P.A. Demandante: D. SERGIO FEIJOO TORRES. Obxecto: acordo Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo desestimatorio de reclamación contra constrinximento en relación co IAE 2001 e 2002. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1011).- AMPLIACIÓN DE ACORDO DA XUNTA GOBERNO LOCAL DO 7.04.09 SOBRE AXUDAS DESTINADAS A PROPORCIONAR UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE, UTILIZANDO BONO-TAXI, ANO 2009. EXPTE. 4544/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora Social, do 9.07.09, conformado polo xefe de Área e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de abril de 2009, adoptou o seguinte acordo:

- a) *Nomear á entidade Caixa Galicia como entidade bancaria colaboradora na xestión das axudas de Bono-taxi para o ano 2009.*
- b) *Autorizar o gasto de 4.200 € a favor de Caixa Galicia, Cif. G15028947, con domicilio social na rúa Nueva, 30-32 (15003 A Coruña), con cargo á partida de Benestar Social 3130.2270600 –Estudios e traballos técnicos–, contra a que se imputarán os gastos de emisión e comisión das tarxetas visa-prepago que entreguen a cada beneficiario da subvención.*

Para poder seguir cos pagos na tramitación do Bono-Taxi, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Ampliar o acordo anteriormente reseñado en dous puntos máis, os cales se detallan a continuación como 3º e 4º.

- Autorizar o pago mediante libramento a xustificar a nome de M^a Jesus Sanromán Varela con NIF 36.018668-R, por un importe de 4.200, 00 € con cargo ao RC 200900017700, que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.
- Autorizar ampliación de tempo para xustificar o libramento en 3 meses adicionais ao estipulado, dado que a finalidade deste libramento é o abono a Caixa Galicia das tarxetas, extraviadas, roubadas ou deterioradas, podendo producirse estes feitos ata o 20 de decembro do ano en curso.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1012).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA DE PRAIAS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2618/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 26.06.09 e de acordo co informe-proposta da xefa da Oficina Administrativa de Contratación, do 3.07.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo pregos de condicións para a ocupación e explotación de servizos de temporada nas praias do término municipal de Vigo.

2º.- Convoca-lo procedemento para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

6(1013).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións do expedientes vistos os informes das Oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta da técnica de Admón. Especial, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a M^a JESÚS BARREIRO GARCÍA as fianzas por importe de 495,83 € e 495,83 € constituída para responder do monitoraxe en cestería de madeira xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2749/241.

B) Devolver a ANTONIO SUÁREZ DAVILA as fianzas por importe de 495,83 € e 495,83 € constituída para responder do monitoraxe en cestería de vimbio xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2750/241.

7(1014).- PRÓRROGA DA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-008. EXPTE. 4008/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.07.09, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-008 por un período máximo de 6 meses de duración a contar dende o día 5 de agosto de 2009 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 4008/224.

8(1015).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 6520/306.

Mediante providencia de data 8.07.09, de conformidade coa base 31ª das Bases de execución do orzamento municipal, a concelleira delegada de Medio Ambiente, dá conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio ambiente, durante o mes de xuño de 2009, que son os seguintes:

| Expte. | Partida | Tipo | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data RC | Importe |
|----------|----------------|--------|--|--|--------------|------------|-------------|
| 6452/306 | 4450.226.02.01 | CM SER | Deseño e elaboración de documentación técnica en soporte gráfico para as rutas do programa "Camiño a Camiño" | HIDRIA Ciencia, Ambiente y Desarrollo | 27/05/2009 | 01/06/2009 | 11.981,18 € |
| 6515/306 | 4450.226.09.02 | CMSUM | Adquisición de 10.000 cinseiros con logo para os areais | Bieitonova, SL | 24/06/2009 | 06/07/2009 | 3.596,00 € |
| 6485/306 | 4450.227.06.00 | CM SER | Organización e coordinación de talleres de educación ambiental ne prias e coordinación actividades DMMA | Arenaria Coordinación, SLNE | 11/06/2009 | 12/06/2009 | 3.074,00 € |
| 6487/306 | 4450.227.06.00 | CM SER | Reportaxe fotográfico submarino en Samil de buceadores con esnorkel e piragüas no DMMA | Manuel Enrique García Blanco | 12/06/2009 | 12/06/2009 | 232,00 € |
| 6492/306 | 4450.227.06.00 | CM SER | Actividades de esnorkel no areal de Samil no DMMA | Miguel Francisco Limens | 12/06/2009 | 12/06/2009 | 504,34 € |
| 6471/306 | 4450.227.06.00 | CM SER | Contratación do servizo de desprazamento en kayak no roteiro intermareal para celebrar o DMMA | Piragüilla, SC | 05/06/2009 | 30/06/2009 | 1.345,60 € |
| 6512/306 | 4450.227.06.00 | CM SER | Elaboración dun protocolo de actuación fronte á chegada de medusas aos areais de Vigo | Asociación de Oceanógrafos Galicia | 24/06/2009 | 30/06/2009 | 1.081,12 € |
| 6516/306 | 4533.210.00.00 | CM SER | Reparación e mantemento das 39 duchas de inox nas praias | Metal FH Rosal, SL | 24/06/2009 | 30/06/2009 | 1.200,60 € |
| 6475/306 | 4533.227.06.02 | CM SER | Colocación, mantemento e retirada do balizado nos areais de Vigo | Abel Montenegro Misa | 16/06/2006 | 19/06/2009 | 16.224,00 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1016).- BAIXA DE VEHÍCULO DA FLOTA MUNICIPAL PARA DESPEZAMENTO. EXPTE. 6779/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 30.06.09, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no patrimonio municipal ao vehículo da flota:

| Número | Matrícula | Tipo | Antigüidade |
|--------|-----------|---------------|-------------|
| 303 | 0703-BST | Citroen Xsara | 2002 |

10(1017).- SISTEMA DE FACTURACIÓN POR CONSUMO ELÉCTRICO E DE CALEFACCIÓN NO EDIFICIO DO RECTORADO E O SEU ANEXO. EXPTE. 107/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse ocnta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 9.07.09, que di o seguinte:

Antecedentes:

En data 11 de decembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acordou mediante o expediente 17822/240 “A Cesión do dereito de uso do edificio na Rúa Oporto, anexo ao Edificio do antigo Rectorado, á Deputación Provincial”.

Estes edificios teñen uns servizos comúns de subministro de enerxía eléctrica e calefacción, e dado que técnicamente resulta moi costosa a súa separación, incluso no caso da calefacción sería necesario a habilitación dun local para ubicar unha nova sala de caldeiras. Por tal motivo en reunión mantida entre os técnicos do Concello (Servizos Electro-Mecánicos) e os técnicos da Deputación acordouse instalar un contador secundario de enerxía eléctrica e un contador de calorías para deducir o consumo equivalente de gasóleo utilizado na calefacción.

Asímesmo acordouse que o sistema de facturación se establecería da seguinte maneira:

Enerxía eléctrica.

Mensualmente se remitirá informe do Concello á Deputación no que se indicará:

- Consumo de enerxía eléctrica do edificio que ocupa a Deputación.*
- Factura da compañía eléctrica correspondente ao consumo total dos dous edificios. De dita factura calcularáse o importe económico que lle corresponde a cada edificio en función da lectura dos seus contadores.*

Calefacción.

Previamente á reposición do depósito de Gasóleo se lle pasará informe á Deputación do seu consumo para que a compañía de subministro de combustible lle facture directamente a cantidade consumida e que se utilizará para encher parte do depósito; correspondendo ao Concello o resto do combustible ata a totalidade.

En base ao anteriormente indicado e co obxecto de asignar a cada Organismo os custos económicos que lles corresponden por consumo de enerxía eléctrica e gasóleo para calefacción, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

- 1.- *Establecer un sistema de facturación por consumo de enerxía eléctrica e gasóleo de calefacción coas seguintes particularidades:*

Enerxía eléctrica.

Mensualmente se remitirá informe do Concello á Deputación no que se indicará:

- *Consumo de enerxía eléctrica do edificio que ocupa a Deputación.*
- *Factura da compañía eléctrica correspondente ao consumo total dos dous edificios. De dita factura calcularáse o importe económico que lle corresponde a cada edificio en función da lectura dos seus contadores.*

Calefacción.

Previamente á reposición do depósito de Gasóleo se lle pasará informe á Deputación do seu consumo para que a compañía de subministro de combustible lle facture directamente a cantidade consumida e que se utilizará para encher parte do depósito; correspondendo ao Concello o resto do combustible ata a totalidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1018).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ZONA FRANCA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NO ENTORNO DO POLÍGONO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 109/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 16.07.09, o informe de fiscalización do 17.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 15.07.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo pola realización de obras no entorno do Polígono de Balaídos”, que a continuación se transcribe:

Vigo, de xuño de 2009

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, en representación do mesmo, de conformidade co establecido no artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra, a Sra. D^a. María Teresa Pisano Avello, Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, nomeada por Real Decreto 932/2008, de 30 de maio.

Interveñen en razón dos cargos que desempeñan representando ás respectivas entidades, en nome das que actúan con plena capacidade e lexitimación.

ANTECEDENTES

O Consorcio da Zona Franca de Vigo é propietario dos terreos que conforman o Polígono Industrial de Balaídos, cunha superficie aproximada de 100 Has.

Este Polígono, situado en pleno centro urbano do termo municipal de Vigo, atópase en funcionamento desde o ano 1957, estando ocupado, na actualidade, por distintas empresas do sector da automoción, entre as que destacan, principalmente, a factoría PSA Peugeot-Citroën e GKN Indugasa.

As especiais características de localización do Polígono, así como o excelente funcionamento das empresas que se localizan no mesmo, provocou que, 50 anos logo da súa inauguración, superásense extraordinariamente as expectativas xeradas no seu momento, de forma que, na actualidade, a superficie do Polígono atópase consolidada na súa práctica totalidade polas construcións existentes, o que limita a capacidade de drenaxe natural do ámbito delimitado.

Na actualidade, existe na zona unha única rede de rede de sumidoiros unitaria encargada de recoller tanto as augas pluviais como residuais, o que provocou que, en épocas de choivas de máxima intensidade, colápsese devandita rede ante a incapacidade de absorber toda a carga que se xera, provocando, en consecuencia, un deficiente funcionamento da rede de rede de sumidoiros, o que dificulta, por unha banda, a propia evacuación das augas residuais do polígono e, por outro, a correcta absorción das augas pluviais, xerando problemas de inundacións que dificultan o tránsito nos accesos do polígono.

O Concello de Vigo, no ámbito das súas competencias e neste ano 2009, vai levar a cabo a execución de determinadas obras de mellora na pavimentación, semaforización e alumado público en distintas rúas da cidade.

Como consecuencia dos problemas expostos nos apartados precedentes, o Consorcio da Zona Franca de Vigo solicitou do Concello de Vigo que nas súas previsións de mellora das rúas adxacentes ao polígono de Balaídos, concretamente a Avda. de Portanet, Avda. de Balaídos, rúa Valmiñor, Rúa Olímpicos e rúa Eugenio Kraft, incluíse a renovación das infraestruturas de saneamento, comprometéndose pola súa banda o Consorcio da Zona Franca, a colaborar co Concello de Vigo cunha achega económica que se determinaría en función de tales obras e que se realizaría en compensación ás importantes melloras que de executarse tales obras produciríanse no funcionamento do Polígono Industrial de Balaídos.

Atendendo á petición do Consorcio, o Concello de Vigo considerou oportuno incluír entre as obras de mellora a realizar nas rúas da cidade as obras citadas coas partidas correspondentes á renovación das obras de saneamento e adecuación de rasantes que eviten as inundacións.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as relacións entre a Administración do Estado e as Entidades Locais rexeranse polo disposto na lexislación básica en materia de Réxime Local e, supletoriamente, polo establecido no Título Primeiro da Lei 30/1992.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local sinala, no seu artigo 57, que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar mediante os convenios administrativos que se subscriban.

Por todo iso, as partes comparecentes acordan a formalización do presente Convenio de Colaboración en base ás seguintes

ESTIPULACIONES

Primeira.-Obxecto

Constitúe o obxecto do presente Convenio regular a colaboración do Consorcio da Zona Franca co Concello de Vigo na execución das obras de mellora da rede de saneamento das rúas adxacentes ao polígono de Balaídos, que afectan directa e inmediatamente ao citado polígono, e que se indican a continuación:

Avenida Alcalde Portanet
Avenida de Balaídos
Cale Valmiñor
Rúa Olímpicos
Rúa Eugenio Kraff.

Segunda.- Réxime de participación

O Concello de Vigo, no ámbito das súas competencias, asume a contratación, execución e dirección das obras de pavimentación, semaforización, alumado público, renovación das infraestruturas de saneamento e adaptación de rasantes nas rúas contempladas en apartado anterior, as cales ascenden, no seu conxunto, á cantidade de 3.172.822,08 euros.

Pola súa banda, o Consorcio da Zona Franca de Vigo en compensación pola substitución da rede de saneamento citada comprométese a achegar a favor do Concello de vigo as cantidades que se especifican a continuación:

| ACTUACIÓNS | PRES. TOTAL |
|-----------------------|--------------|
| AVD. ALCALDE PORTANET | |
| Orzamento total | 1.169.396,55 |
| Acheга do Consorcio | 306.879,90 |
| AVD. BALAIIDOS | |
| Orzamento total | 1.180.241,38 |
| Acheга do Consorcio | 334.954,00 |

| | |
|--|-------------------|
| <i>RÚA VALMIÑOR</i> | |
| <i>Orzamento total</i> | <i>194.310,30</i> |
| <i>Achega do Consorcio</i> | <i>65201,48</i> |
| | |
| <i>RÚA OLÍMPICOS</i> | |
| <i>Orzamento total</i> | <i>293.458,82</i> |
| <i>Achega do Consorcio</i> | <i>83.150,78</i> |
| | |
| <i>RÚA EUGENIO KRAFF</i> | |
| <i>Orzamento total</i> | <i>335.415,03</i> |
| <i>Achega do Consorcio</i> | <i>69.869,36</i> |
| | |
| <i>FINANCIAMENTO CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO</i> | <i>860.055,50</i> |

Á marxe de devandita achega económica, o Consorcio da Zona Franca non terá ningún tipo de participación nin responsabilidade na execución das obras descritas, a cal será competencia exclusiva da administración municipal.

Terceira.- Forma de Pago

O Consorcio da Zona Franca de Vigo procederá ao pago do 50% da cantidade sinalada na Estipulación anterior no prazo máximo de 30 días desde a formalización do presente Convenio, a condición de que fose ratificado polos órganos competentes de ambas as administracións. O 50% restante abonarase no prazo máximo de 30 días desde a completa finalización das obras a cal acreditarase tal e como se indica na cláusula cuarta.

O pago efectuarase por transferencia bancaria, procedendo a tal fin o Consorcio da Zona Franca de Vigo na conta que, ao efecto, designe o Concello de Vigo.

Cuarta.- Vixencia

O presente Convenio entrará en vigor tras a súa ratificación polos órganos competentes do Concello de Vigo e do Consorcio da Zona Franca de Vigo e a súa duración estenderase ata a completa finalización das obras a que se refire este convenio, entendendo por esta o momento en que polo Concello de Vigo, como administración contratante, déanse por recibidas en conformidade, do contratista que as execute.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, o Concello de Vigo estenderá un Certificado acreditando a execución de devanditas obras, ao que se achegará a respectiva copia do Acta de Recepción que subscriba co correspondente contratista.

No caso de que algunha das partidas de obra a que se refire o convenio non chegase a executarse, procederase á devolución das cantidades achegadas polo Consorcio en compensación pola súa execución, debendo procederse a devandita devolución polo Concello de de Vigo no prazo máximo de 30 días desde que se tome a decisión da súa non execución.

En todo caso, dito importe será devolto e o presente Convenio quedará sen efecto algún se, a 30 de xuño de 2010, non conclúsen as obras previstas no presente documento.

Quinta.- Natureza e Xurisdición Competente

O presente Convenio ten natureza administrativa.

Para cantas cuestións xurdan en orde á interpretación do mesmo, as partes sométense aos Xulgados e Tribunais da cidade de Vigo.

E para que conste e forneza efectos, asíñase o presente Convenio, por duplicado exemplar, na cidade e data indicados ao principio.

12(1019).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUENIL E PARA A INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS DURANTE O ANO 2009. EXPTE. 2556/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 7.07.09, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a proposta de subvencións da Concellería de Xuventude que se achega, dentro da recente “Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009” da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, na orde do 11 de xuño de 2009, por importe total de 289.554€ do que se solicita unha subvención de 217.165,5€

2º.- Que se faculte a Dna. Iolanda Veloso Ríos, como Concelleira Delegada da Área de Xuventude para representar o Concello de Vigo na presentación das presentes propostas de subvención.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

13(1020).- BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 19163/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 16.07.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 8.07.09,

conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia na provisión con carácter interino dunha praza de técnico/ade administración xeral, encadrada no subgrupo A1 de titulación (antigo grupo A), escala de Administración xeral, subescala técnica superior, motivada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, onde se encadra unha praza vacante e o correspondente posto de traballo con idéntica denominación.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE (SUBGRUPO A1)”

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

c) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

e) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse

inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Estar en posesión do título de licenciado en Dereito, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP nº 53, do mércores 18 de marzo de 2009.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.-EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de 2 horas, un tema de carácter xeral, determinado polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio e relacionado co programa que se achega á convocatoria, aínda que non se ataña á epígrafe concreta del, tendo os aspirantes ampla liberdade en canto á súa forma de exposición se refire.

Neste exercicio avaliarase a formación xeral universitaria, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a achega persoal do aspirante e a súa capacidade de síntese.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 3 horas, a catro temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, dous da primeira parte (dereito político, constitucional e administrativo xeral) e outros dous da segunda parte (dereito administrativo local, dereitos reais administrativos e acción administrativa).

Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos.

Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos

Terceiro exercicio.- Asimesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, durante un período máximo de catro horas, e consistirá na redacción dun informe, con proposta de resolución, sobre dous supostos prácticos que proporá o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos a tarefas administrativas propias das funcións asignadas á subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais, coleccións de xurisprudencia e libros de consulta dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Neste exercicio avaliarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática na presentación e formulación de conclusións e o coñecemento e axeitada interpretación da normativa aplicable.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos

Cuarto exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio consonte ás bases xerais vixentes no Concello de Vigo, consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, consistente na corrección ou tradución dun texto escrito en lingua galega, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O órgano de selección poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a ao aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes a cada unha das probas realizadas.

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”).

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Vigo, publicándose tamén no taboeiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que éstas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo, encadrado no grupo A de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no grupo A de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os axctos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a da Escala de Administración Xeral deste Concello, dos seus organismos autónomos ou de calquera das administracións públicas territoriais, Técnico de administración Xeral, que será nomeado polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que dispoñan do título universitario de Licenciado universitario, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Os membros do órgano de selección e os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

VII.- NOMEAMENTO

O/a aspirante proposto será nomeado funcionario interino/a, cesando automaticamente no momento no que se produza a cobertura da praza con funcionario de carreira, incluída na OEP do ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión de 30 de decembro de 2008.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes á praza de traballo de técnico/a de administración xeral, encadrado no subgrupo A1, escala de administración xeral, subescala técnica superior, concretadas no posto de traballo de igual denominación (código 215.02) do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vacante no Servizo de Medio Ambiente.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, segundo as normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva e conseguinte modificación aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de marzo de 2008 e 24 de abril de 2009, respectivamente, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

Dita lista terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino, ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público.

T E M A R I O

BLOQUE I: DEREITO POLÍTICO, CONSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO XERAL

- Tema 1. A Constitución: concepto. Caracteres da Constitución de 1978. Estrutura. A definición do Estado español como social, democrático e de dereito. Os valores superiores do ordenamento xurídico.
- Tema 2. Título I da Constitución (I): dereitos fundamentais e liberdades públicas: contido esencial e principais leis de desenvolvemento. A súa consideración na xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Sistemas de protección xurisdiccional.
- Tema 3. Título I da Constitución (II). Dereitos e deberes dos cidadáns. Principios reitores da política social e económica.
- Tema 4. A Constitución no sistema de fontes do dereito. Leis orgánicas e ordinarias. Os tratados internacionais. O principio de reserva de lei. Principios informadores das relacións entre o ordenamento estatal, autonómico e local.
- Tema 5. A Coroa. As funcións constitucionais do xefe do Estado. O referendo.

- Tema 6. O poder lexislativo e a súa regulación. As Cortes Xerais. Control lexislativo da acción do Goberno. O Tribunal de Contas. O Defensor do Pobo.
- Tema 7. O poder xudicial e a súa regulación: o Consello Xeral do Poder Xudicial. Planta e organización dos xulgados e tribunais. O Tribunal Constitucional. O recurso de amparo.
- Tema 8. O poder executivo e a súa regulación. Composición e funcións do Goberno da Nación. A súa relación cos outros poderes.
- Tema 9. Organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.
- Tema 10. A organización territorial do Estado na Constitución. As comunidades autónomas: organización e competencias. Os estatutos de autonomía.
- Tema 11. O Estatuto de autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.
- Tema 12. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo. O Tribunal de Contas de Galicia.
- Tema 13. A Xunta de Galicia e o seu presidente.
- Tema 14. A Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A administración periférica. A administración institucional e corporativa.
- Tema 15. As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes: o Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.
- Tema 16. O ordenamento xurídico comunitario: as súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.
- Tema 17. Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público.
- Tema 18. A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do Goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 19. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Definición e aplicación da lexislación de carácter básico e supletorio.
- Tema 20. O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderrogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 21. Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.
- Tema 22. O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.
- Tema 23. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.
- Tema 24. Os recursos administrativos. Reclamacións previas á vía xudicial. A execución dos actos administrativos: motivos da súa suspensión.
- Tema 25. O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
- Tema 26. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
- Tema 27. A xurisdición contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes no proceso. Procedemento xeral e referencia aos procedementos especiais.
- Tema 28. As sentenzas e a súa execución. Recursos contra as sentenzas.

- Tema 29. A contratación administrativa. Negocios e contratos excluídos da Lei de contratos das administracións públicas. Diferenzas cos contratos de carácter privado.
- Tema 30. Clases de contratos administrativos e o seu réxime xurídico. Contratos administrativos especiais.
- Tema 31. Requisitos dos contratos. Capacidade e solvencia. Clasificación e rexistro de contratistas.
- Tema 32. O expediente de contratación. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- Tema 33. Procedementos e formas de adxudicación dos contratos administrativos.
- Tema 34. As garantías no contrato administrativo. Execución do contrato. Risco e ventura. Recepción do obxecto do contrato.
- Tema 35. Dereitos e deberes da administración e dos contratistas. Modificación dos contratos. Revisión de prezos. Interpretación e resolución contractual. A impugnación dos contratos públicos: xurisdición competente.
- Tema 36. Aspectos xerais sobre as formas de acción administrativa.
- Tema 37. O fomento e os seus medios.
- Tema 38. A policía administrativa. O poder de policía e os seus límites. Os medios: licenza, autorización e sanción.
- Tema 39. O servizo público. Servizo público e prestacións administrativas. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.
- Tema 40. A xestión directa dos servizos públicos. Modos de xestión.
- Tema 41. A xestión indirecta dos servizos públicos. Modos de xestión.
- Tema 42. A expropiación forzosa: a potestade expropiatoria. Suxeito, obxecto e causa. O procedemento expropiatorio. Expropiacións especiais e garantías xurisdiccionais.
- Tema 43. O dominio público. Concepto e natureza. Bens que o integran. O réxime xurídico do dominio público. As mutacións demaniais.
- Tema 44. Uso e utilización do dominio público. Estudo especial da concesión e da reserva demanial.
- Tema 45. A responsabilidade da Administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.

BLOQUE II: DEREITO ADMINISTRATIVO LOCAL E ACCIÓN ADMINISTRATIVA.

- Tema 1. O réxime local español: principios constitucionais e regulación xurídica.
- Tema 2. Os entes locais de Galicia: natureza e características.
- Tema 3. O municipio. Os réximes municipais especiais de Galicia. O territorio. A poboación. O Estatuto do veciño. O empadroamento.
- Tema 4. A organización municipal. Distribución de competencias. Referencia ao réxime dos municipios de grande poboación.
- Tema 5. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais.
- Tema 6. Competencias municipais e servizos obrigatorios nas corporacións locais. Actividades complementarias doutras administracións públicas.
- Tema 7. Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.
- Tema 8. A provincia no réxime local: especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na Lei de administración local de Galicia.

- Tema 9. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.
- Tema 10. Transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais. A encomenda de xestión.
- Tema 11. Relacións entre as administracións públicas galegas: colaboración, cooperación e auxilio. A Comisión Galega de Cooperación Local. A coordinación.
- Tema 12. O estatuto dos membros das corporacións locais. Incompatibilidades.
- Tema 13. O persoal ao servizo das entidades locais. A función pública local e a súa organización. Normas sobre provisión de postos de traballo.
- Tema 14. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.
- Tema 15. Réxime disciplinario dos funcionarios de Administración local. Incompatibilidades e responsabilidades.
- Tema 16. Delitos contra a Administración pública.
- Tema 17. A información e participación cidadá.
- Tema 18. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización e inventario municipal de bens.
- Tema 19. Medios de intervención das corporacións locais na actividade dos seus cidadáns.
- Tema 20. Os servizos públicos locais. Modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.
- Tema 21. Os contratos das administracións locais: empresas municipais. Consorcios. Formas de contratación, resolución, rescisión e denuncia.
- Tema 22. A Lei xeral tributaria: principios e contido.
- Tema 23. A Lei xeral orzamentaria: principios e contido.
- Tema 24. As facendas locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 25. A función recadadora nas facendas locais.
- Tema 26. As contribucións especiais, as taxas e os prezos públicos. A imposición local autónoma.
- Tema 27. Réxime xurídico do gasto público local.
- Tema 28. Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.
- Tema 29. Os dereitos e garantías dos contribuíntes fronte á facenda pública.
- Tema 30. A función inspectora nas corporacións locais.
- Tema 31. A lexislación de augas: obxecto e fins. Distribución de competencias.
- Tema 32. A lexislación de costas: obxecto e fins. Distribución de competencias.
- Tema 33. A lexislación de portos: obxecto e fins. Distribución de competencias.
- Tema 34. A lexislación de montes: obxecto e fins. Distribución de competencias. Especial consideración sobre a normativa de montes en man común.
- Tema 35. A lexislación de obras públicas: obxecto e fins. Distribución de competencias.
- Tema 36. A lexislación de estradas: obxecto e fins. Distribución de competencias.
- Tema 37. A lexislación urbanística estatal. A lexislación autonómica: especial referencia á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Tema 38. Réxime de valoracións. Expropiación e venda forzosa. Supostos expropiatorios. Determinación do prezo xusto.
- Tema 39. O planeamento urbanístico e a súa regulación. Distribución de competencias entre as administracións. Especial referencia ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.

- Tema 40. Execución dos plans de ordenación. Sistemas. O patrimonio municipal do solo.
- Tema 41. A disciplina urbanística e a súa regulación. Intervención da edificación e uso do solo. Concorrenza de competencias con outras administracións.
- Tema 42. A lexislación medioambiental: obxecto e fins. Distribución de competencias entre as administracións.
- Tema 43. A lexislación en materia de educación: obxecto e fins. Distribución de competencias entre as administracións.
- Tema 44. A lexislación sobre patrimonio histórico: obxecto e fins. Distribución de competencias entre as administracións.
- Tema 45. A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención.

14(1021).- RENUNCIA DA BENEFICIARIA DUNHA BOLSA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2821/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a renuncia de D^a Ana Sacarrera López, DNI 36155159X á bolsa para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do Concello de Vigo, que lle fora adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2009.

2º.- Aprobar o aboamento de 551,61 euros (cinco centos cincuenta e un con sesenta e un euros) a D^a Ana Sacarrera López, CIF 36155159X en concepto de bolsa para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do Concello de Vigo, que lle corresponden por ter asistido as accións formativas de conformidade co previsto coas bases, no período comprendido entre o día 1 e 19 de xullo de 2009 ($900:31 = 29,0322 \times 19 = 551,611$ euros), polo que deberá de anularse a adxudicación ao seu nome da subvención restante, que importa 2.598'39 €

3º.- Adxudicar a subvención restante da bolsa a favor da primeira persoa que conforma a lista de espera, N^o 13, D^a Sara Domínguez González, DNI 35186144R, que importa 2.598'39 (das que $(900:31=29,0322 \times 12 =) 348,39$ euros, corresponden á parte proporcional do mes de xullo, 900€ de agosto, 900€ de setembro e 450 euros $\frac{1}{2}$ mes de outubro), polo período comprendido entre o día 20 de xullo e o 15 de outubro de 2009, consonte co previsto nas bases sexta e décimo terceiras das que rexen a convocatoria e o parágrafo terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2009.

15(1022).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DO ANO 2009 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS. EXPTE. 5996/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 3.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.06.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DO ANO 2009 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, no marco do Plan municipal de emprego 2008-2011, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 105.611,36 € (CENTO CINCO MIL SEISCENTOS ONCE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 3220 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral".

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2.009
DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS*

Base 1ª - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade*
- 1.2. Beneficiarias/os*
- 1.3. Requisitos xerais dos beneficiarios/as*
- 1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables*
- 1.5. Criterios de avaliación*
- 1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª - EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª - COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas*
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguemento*

Base 4ª - SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes*
- 4.2. Obrigas e prazo*

Base 5ª - CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª - PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*
- 6.2. Publicidade das subvencións concedidas.*
- 6.3. Publicidade do financiamento público.*

Base 7ª - TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Base 8ª - PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Base 9ª - NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª - DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Base 11ª - DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I – Impreso de solicitude das axudas

ANEXO I bis – Documentación para presentar

ANEXO II – Ficha de solicitude de transferencia bancaria

ANEXO III – Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas

ANEXO IV – Declaración de aceptación das actuacións de comprobación e seguimento

ANEXO V – Memoria xustificativa do proxecto empresarial

ANEXO VI – Declaración de non estar incurso na prohibición para obter a condición de beneficiaria/o de axudas

ANEXO VII – Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego

ANEXO VIII – Delimitación Casco Vello (área P.E.P.R.I.)

ANEXO IX – Relación de facturas presentadas

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión, para o ano 2.009, das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas enmárcase no Plan Municipal de Emprego 2008–2011 que o Concello de Vigo pon en marcha, dende a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Vigo apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2. Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade

empresarial entre o 1 de xuño de 2008 e o 31 de maio de 2009 (entendendo por inicio de actividade a alta no réxime de autónomos da seguridade social). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3. Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as

- Desenvolver a actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
- Estar en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear alomenos o seu propio posto de traballo, en calquera das formas xurídicas existentes sempre e cando se cumpra cando menos un dos seguintes requisitos :
 - Pertenza a un dos colectivos seguintes
 - persoas paradas de longa duración
 - maiores de 45 anos
 - mulleres
 - persoas discapacitadas
 - mozos/as ata 30 anos
 - persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (1).

No caso de seren varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital da empresa sexa de titularidade de persoas en situación de desemprego e, ademáis, deben pertencer a algún dos colectivos citados.

- Empresas emprazadas na zona de delimitación da área P.E.P.R.I. Casco Vello (conforme co establecido no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo), que se define no Anexo VIII.
- Que sexan empresas de nova creación – considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios – sin que se admitan as empresas procedentes da transformación da forma xurídica nin os supostos de sucesión de empresa familiar.
- Que a empresa sexa viable técnica, económica e financeiramente.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Vigo.
- Que non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non ter percibido subvencións ao abeiro do programa de “Axudas Municipais do Concello de Vigo á Creación de Empresas” nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(1) Se consideran colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por

ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

- *Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.*
- *Internos e internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.*
- *Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.*
- *Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.*
- *Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.*
- *Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex- reclusos/as.*
- *Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.*
- *Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.*
- *Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.*
- *Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.*

1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ e non poderá superar os límites que estas bases establecen para cada un dos conceptos considerados obxecto de subvención, nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores e promotoras.

Os gastos que poderán ser subvencionables, correspondentes ós dous meses anteriores e ós tres meses posteriores ao inicio da actividade, son os seguintes:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán susceptibles de subvención no 50%, e cun máximo de 800€, aqueles gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa, tales como:

- a1- visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2- licenza de obra e licenza de apertura
- a3- alta no Rexistro Mercantil
- a4- certificación negativa do nome da sociedade
- a5- honorarios de notaría por escrituras públicas
- a6- publicación no BORME

b) Existencias iniciais de mercadorías

Inclúe a adquisición de primeiras compras de mercadorías, ademais das compras de materias primas e outros consumibles utilizados no proceso de produción.

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante o período indicado, cun tope de 1.500€.

c) Gastos de arrendamento de locais

A axuda máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante o período indicado, cun tope de 1.900€.

d) Subministracións e gastos correntes

Son subvencionables os seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- d1- auga*
- d2- teléfono*
- d3- electricidade*
- d4- gasóleo / gasolina*
- d5- material de oficina*

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante o período indicado, cun tope de 1.100€.

e) Primas de seguros

Serán subvencionables os gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. A subvención máxima neste apartado será do 50% da contía total no conxunto de primas, cun tope de 300€.

f) Dereitos de propiedade industrial

Son subvencionables no 50%, e cun máximo de 100€, os seguintes gastos de rexistro de:

- f1- patentes*
- f2- modelos de utilidade*
- f3- deseño industrial*
- f4- marcas de produtos ou servizos*
- f5- nomes comerciais*
- f6- dominio en Internet*

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

1.5. Criterios de avaliación

A concesión de axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1. Emprendedores/as incluídos na base de datos do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (S.A.E.)*

| | |
|---|---------------|
| <i>Empresas constituídas por emprendedores/as incluídos na base de datos do</i> | <i>2 ptos</i> |
|---|---------------|

| | |
|--------|--|
| S.A.E. | |
|--------|--|

2. *A situación social do colectivo beneficiario indicado no punto 3 da Base 1ª (ata 8 puntos).*

Esta puntuación será valorada na medida na que se coñeza que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- *Que sexa o seu primeiro emprego*
- *Menor de 30 anos*
- *Maior de 45 anos*
- *Mulleres*
- *Discapacitados/as*

| | |
|-------------------------------------|--------------|
| <i>Por cada condición que reúna</i> | <i>2 pts</i> |
|-------------------------------------|--------------|

3. *Número de postos de traballo creados por conta allea de seis ou máis meses de duración (incluídos os dos propios promotores/as) (ata 10 puntos).*

| | |
|--------------------------------|--------------|
| <i>Por cada emprego creado</i> | <i>2 pts</i> |
|--------------------------------|--------------|

No caso de xornadas parciais se puntuará por metade.

4. *Antigüidade no desemprego dos/as promotores/as e/ou dos/as contratados/as (ata 10 puntos).*

| | |
|-------------------------|---------------|
| <i>Menos de 3 meses</i> | <i>3 pts</i> |
| <i>De 3 a 6 meses</i> | <i>5 pts</i> |
| <i>De 6 a 12 meses</i> | <i>8 pts</i> |
| <i>Máis de 12 meses</i> | <i>10 pts</i> |

5. *Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (Anexo VII) (ata 10 puntos).*

| | |
|--|--------------|
| <i>Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego</i> | <i>2 pts</i> |
|--|--------------|

No caso de concorrencia de dous ou máis conceptos nunha mesma empresa só se computará o máis alto

6. *Que as persoas promotoras estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 10 puntos).*

| | |
|---|--------------|
| <i>No caso de estar empadroadada algunha das persoas promotoras</i> | <i>2 pts</i> |
|---|--------------|

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a antigüidade no desemprego dos/as promotores e das persoas contratadas.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución de concesión. A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorrera un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal prezase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.*
- b) Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 100.000€ nun período de dous anos para o mesmo/a beneficiario/a.*

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 1.5).*
- A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.*
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo seralles notificado a todos/as os solicitantes.*

3.2. Comisión de Valoración e Seguemento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguemento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- a) Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*
- b) Xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego.*
- c) Un/unha técnico/a do SAE, nomeado/a polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*
- d) Un/unha técnico/a do PME, nomeado/a polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que actuará como secretario.*

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá tamén levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento e a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá poderán requirirlle aos/ás empresarios/as ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1. Solicitudes

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I e Anexo I bis), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada previamente no Servizo de Promoción Económica e Emprego do concello. 4º andar)

- No caso de persoas xurídicas:
 - *CIF da empresa*
 - *DNI ou NIF e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.*
 - *Copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.**
- No caso de profesionais autónomos: DNI*
- No caso de sociedades civís e comunidades de bens: CIF da sociedade e contrato de constitución.*
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).*
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as.*
- No caso de que se xustifique contratación:
 - *DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.*
 - *Contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego (SPE).*
 - *Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras.**

- *Solicitude de licenza de apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.*
- *Copia compulsada das facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención.*
- *Relación das facturas presentadas relacionadas cos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 4 (Anexo IX).*
- *Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.*
- *Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).*
- *Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas e das que se van solicitar para esta actividade en concreto (Anexo III).*
- *Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo que acorde a Comisión de Valoración e Seguemento (Anexo IV).*
- *Memoria xustificativa do proxecto empresarial debidamente cuberta cunha previsión a 3 anos (Anexo V).*
- *Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo VI).*
- *De ser o caso, certificado de discapacidade ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente, en grao total ou gran invalidez.*
- *De ser o caso, documentación acreditativa da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social.*
- *Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.*

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de 10 días subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle tendrá por desistido da súa solicitude, arquivándose ésta previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.2. Obrigas e prazo

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- *Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como fronte á Seguridade Social.*
- *Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

- *Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.*
- *Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.*
- *O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte á data de publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o 31 de agosto de 2009.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcurrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

- 1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.*
- 2. O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.*

Transcorrido o devandito prazo de catro meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento notificarase ós solicitantes no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Promoción Económica, Emprego e

Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

3. *Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas con pagamento único, condicionadas a presentación da seguinte documentación:*

a) *Unha memoria económica xustificativa do custo obxecto da subvención, que conterá:*

- *Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
- *Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada (posible devolución conforme ao apartado b)). Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - *Número e no seu caso serie.*
 - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - *Lugar e data de emisión.*
 - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF*

b) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Promoción Económica e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención.*

c) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia*

d) *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Que a entidade esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa*

Seguridade Social (conforme ao estipulado no art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).

- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

O prazo para a presentación desta documentación será de 10 días contados a partir da data na que se notifique a concesión das correspondentes axudas.

O servizo xestor, Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que tramita a concesión levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguemento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

Base 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2009 do “Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas” será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Os/as solicitantes ás/aos que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual a 3.000€, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

As bases reguladoras desta convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse nas dependencias de información do Concello de Vigo, e na Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e tamén na páxina web www.vigo.org do concello.

6.3. Publicidade do financiamento público.

As/os beneficiarios das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo, xunto co logo do concello, subministrado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obte-las ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Base 8ª. PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. Pérdida do dereito ao cobro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

2. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións :

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o seu regulamento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1. Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 3220 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral" do presuposto municipal para o ano 2009, cun importe total de 135.611,36 €.

2. Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "mínimis".

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte a da súa aprobación en Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

16(1023).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.